Cando o grupo atopa condicións propicias pode criar con éxito, incluídas as femias que teñen menos dun ano de idade, cando xa superen os 30 kg de peso, sendo tan prolíficas que por parto sacan unha media de catro crías, aínda que estas taxas aumentan cando máis comida teñan. Esta estratexia de natalidade, sorprendentemente, pode verse beneficiada por unha intensificación da caza, nun fenómeno de “compensación de natalidade ecolóxica”: a maior mortalidade, increméntase a súa reprodución. Os expertos apuntan que isto pode estar a suceder co xabaril, xa que a intensificación cinexética facilita o acceso a reprodución dun maior número de femias máis novas.

Esta alta capacidade reprodutiva xunto co fenómeno da “compensación de natalidade ecolóxica”, favorecido polas condicións propicias que agora deparan os nosos montes, axuda a recuperar, en moi curtos períodos de tempo, poboacións que se pensaban case anuladas ou moi reducidas pola acción de caza e isto xera unha situación envolvente sen fin, co que se estaría a explicar que o número de xabarís non baixa a pesar de tanta caza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 11:35
Nº Rexistro: 11056
Data envío: 27/06/2017 11:35:42.226

Segundo os expertos as batidas por si solas non permiten reducir o problema, apuntando que o que se vén facendo supón un auténtico disparate e detonante doutros graves problemas ambientais sobre a fauna do territorio. Durante varios anos sucesivos levan aumentando o número de autorizacións de batidas, e cada vez prolongando máis os períodos para realizalas. Así entre os anos 2011 e 2015 lévase cazando unha media de case 15 mil xabarís anuais, diminuíndo moi levemente no período 2015-2016. Un número que triplica a situación de fai unha década.

Esta situación de desmedida presión cinexética ademais apunta outros problemas graves: pode estarse a dar unha relación de causa-efecto co aumento dos accidentes de tráfico, pois vemos que os números de accidentes con xabarís xa veñen a ser, segundo apunta a DGT, dunha media de 10 por día. No 2016 houbo 3.500, para un ano con máis de 20.000 batidas, e que a maioría dos mesmos prodúcense os domingos entre as sete da tarde e da medianoite, días nos que se practican máis accións de caza. .

Por todo isto consideramos que a situación do xabaril na Galiza a efectos de xestión pode considerarse nestes momentos anárquica e sen un rumbo certo, e que ata o de agora fíxose pouco na posta en marcha de instrumentos de diagnóstico real a partir do que establecer criterios de xestión lóxicos e sustentados sobre un coñecemento técnico científico. Resulta sorprendente que, a pesar do que está acontecendo con esta especie, que semella descontrolada nalgúñas comarcas galegas, a Administración non sexa quen de establecer e dispor de datos reais sobre a súa poboación, densidades por comarcas, estrutura das súas poboacións (ratio femias-machos, idades...), en en xeral, de información ecolóxica básica a partir da que deseñar estratexias para frear a súa expansión dunha maneira lóxica, respectuosa co resto da fauna, e incluso con criterios éticos que poñan freo a unha inxustificable e infrutuosa medida coma é declarar a súa caza total todo o ano.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 11:35
Nº Rexistro: 11056
Data envío: 27/06/2017 11:35:42.226

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

-Proceder de inmediato á revisión de toda a súa política e estratexia de acción fronte ao xabaril e inicie o procedemento necesario para realizar unha valoración rigorosa e de diagnóstico das poboacións de xabaril por comarcas na Galiza.

-Elaborar un “Plan de xestión do xabaril e estratexia de accións para controlar a súa poboación por comarcas”.

-Poñer e optimizar nesta loita os recursos dos que dispón, técnicos e oficinas comarcais, na atención e resposta rápida de quen padece os danos, e no seguimento da boa execución e aplicación do Plan que se demanda.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 11:35
Nº Rexistro: 11056
Data envío: 27/06/2017 11:35:42.226

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2017 11:29:37

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2017 11:29:43

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2017 11:29:48

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2017 11:29:53

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2017 11:29:57

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2017 11:29:59

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Como se vén reiterando cada mes nos barómetros do CIS, a corrupción e a fraude sitúase como a segunda principal preocupación da cidadanía.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén presentando de forma sistemática iniciativas urxentes para que Galicia dispoña de instrumentos avanzados de prevención e loita contra a corrupción e a fraude. A regulación dos grupos de presión, a protección integral das persoas denunciante de casos de corrupción, a supresión do aforamento dos deputados e deputadas do Parlamento galego ou a mellora cualitativa das políticas de transparencia e bo goberno por parte da Xunta de Galicia son medidas irrenunciábles.

O propio Consello de Contas de Galicia, con motivo da Lei 8/2015, do 7 de agosto, vén de asumir novas competencias en materia de prevención da corrupción, que desenvolverá por primeira vez no Plan anual de traballo do exercicio 2017. Neste plan avaliarase, entre outros aspectos, o deseño e a implantación de sistemas de prevención da corrupción, de control interno e de xestión de riscos nas entidades integrantes do sector público autonómico, comprobando o axeitado deseño e a implantación das políticas de integridade. En materia de xestión de fondos europeos a avaliación dos controis, tanto preventivos como “ex post”, debe ter unha especial intensidade, considerando as orientacións, directrices e recomendacións da Comisión Europea para a avaliación do risco da fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude na xestión de fondos estruturais e de investimento europeos.

Sen prexuízo dos informes, conclusións e recomendacións que formule o Consello de Contas na aplicación do seu Plan de traballo de 2017, que serán obxecto de análise e debate na correspondente comisión parlamentaria, cómpre coñecer a situación actual na que se encontra a Administración galega na adopción de sistemas de prevención da corrupción.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver un plan xeral de sistemas de prevención da corrupción e xestión de riscos nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2017 11:33:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 11:33:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2017 11:33:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 11:33:29

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recoñece o deporte como actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Así, asóciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

O título VI desta lei regula un dos capítulos clave para facer viable a actividade deportiva en Galicia, o referido ás instalacións deportivas, tanto no que atinxe á súa definición e rexistro coma no referido ao Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos. Así, o artigo 78 da Lei 3/2012 establece que co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia, correspondéndolle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan.

O mencionado plan determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución.

O Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia deberá ser revisado cada cinco anos co fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.

Grupo Parlamentario

O artigo 81 sinala a importancia do plan, xa que establecerá como finalidade preferente posibilitar a práctica xeneralizada das actividades deportiva e física, sen distinción de sexo, idade, condición física ou social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O programa orzamentario 441A (Promoción da actividade deportiva) recolle nos orzamentos xerais de cada ano os compromisos económicos do Goberno galego en materia de instalación deportivas, sen que as prioridades estean establecidas polo plan xeral esixido na Lei do deporte de Galicia.

Transcorridos xa cinco anos desde a entrada en vigor destas obrigas legais, segue sen estar aprobado o Plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a redactar e aprobar sen máis demora o Plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2017 11:34:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 11:34:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2017 11:34:25

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 11:34:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 11:34:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia é unha potencia marisqueira recoñecida no mundo, tanto por cantidade como por calidade do seu produto. O sector ten unha relevancia fundamental no tecido social e económico e por tanto a administración debe achegarse o máximo posible.

A saída de Gran Bretaña da Unión Europea provoca, ademais de outro tipo de problemas, a necesaria reubicación de organismos de carácter europeo que mantiñan a súa sede en territorio británico, e que agora precisan de ser trasladados a outro lugar. Entre estes organismos se atopa o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, actualmente en Weymouth, e que ten unha importante función de investigación e coñecemento do medio mariño no referente a moluscos e control.

A presenza en Galicia da Axencia Europea de Pesca, en Vigo, evidencia o peso galego no sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo, polo que tería sentido que se vira reforzada coa reubicación do laboratorio citado. Existen centros de investigación relevantes xa en Galicia traballando en rede, co peso fundamental da Ría de Arousa polo seu volume produtivo, como son o IGAFA en A Illa ou o CIMA en Vilanova, en torno á referencia mundial do Intecmar situado en Vilaxoán (Vilagarcía) que traballa temas similares ao laboratorio comunitario e contribuíría a reforzar o traballo conxunto e a calidade da produción científica, así como a súa aplicación á produtividade e desenvolvemento do sector.

Dadas as circunstancias cambiantes por mor do Brexit, a transcendencia de Galicia no sector e a presenza de entidades que poderían aumentar exponencialmente a produción científica e aplicada do sector da

Grupo Parlamentario

investigación mariña, así como o impacto económico directo da presenza dunha Axencia Europea en Galicia, sería de relevancia facer unha aposta seria pola atracción do ente referido. Existindo xa algúns movementos por parte da Xunta de Galicia, semellan apostas tímidas e supeditadas a decisións maiores que poden impedir unha firme candidatura, á imaxe do que ocorreu coa Axencia Europea do Medicamento na que Galicia foi ninguneada polo Goberno de España sen que existira posición crítica da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego instar a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituírse como candidatura formal de España para acoller o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conquistar a chegada de dito laboratorio.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2017 16:19:07

María Dolores Toja Suárez na data 27/06/2017 16:19:13



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 16:19:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Segundo novas da SGHN, o Goberno foi celebrar o “Día Mundial do Medio Ambiente” ao Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en Ribeira, A Coruña) -que tamén estaba de celebración, pois cumpría 25 anos- e que é Humidal de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, Espazo Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA) e Espazo Natural Protexido. En concreto, foron, entre outros, o presidente da Xunta de Galicia, a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Directora Xeral do Patrimonio Natural e o Presidente da Xunta Consultiva do Parque Natural.

O “sarao” tivo lugar a longo do día enteiro na área contigua ao Centro de Interpretación do Litoral de Galicia (CIELGA), onde se instalaron palco, toldos, mesas e bancos; megafonía propia dunha verbena de verán en Galicia; un “refruxerio” con ampla subministración de comida e bebidas (alcohólicas incluídas) e rematou coa inadecuada plantación de árbores sobre unha área do ecosistema dunar, con especies que só contribúen a degradar estas áreas do ecosistema dunar.

En definitiva, a festa celebrada polo Goberno, co seu presidente á cabeza, incumpriu o Plan de ordenación do parque Natural de Corrubedo, o Decreto de declaración do parque natural de 1992 e o propio Plan Director da Rede Natura 2000.

Grupo Parlamentario

O Grupo Parlamentario Socialista entende que este tipo de actos reflicten claramente o desinterese na protección da biodiversidade e o patrimonio natural de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Dea explicacións inmediatas sobre todas as autorizacións emitidas para a celebración do “Día Mundial do Medio Ambiente” no Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en Ribeira, A Coruña) e sobre as persoas responsables da emisión das mencionadas autorizacións.
2. Comunique que medidas de xestión e uso público se adoptaron para o desenvolvemento do acto e a salvagarda dos valores da biodiversidade e do patrimonio natural; que informes foron emitidos ao respecto; que membros do persoal técnico foron responsables das medidas de xestión e uso público e dos informes, de ser o caso, e a canto ascenderon os gastos totais para a realización do acto.
3. Cese a todos os cargos públicos responsables deste acto polo incumprimento de diversa normativa de protección da biodiversidade e conservación da natureza, incluído o Plan Director da Rede Natura 2000.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Dolores Toja Suárez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 16:23:18

María Dolores Toja Suárez na data 27/06/2017 16:23:23

Raúl Fernández Fernández na data 27/06/2017 16:23:30

María Luisa Pierres López na data 27/06/2017 16:23:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 16:23:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no **artigo 160** do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Comisión**, relativa á mellora da climatización da Escola Infantil A Galiña Azul do Saltiño, en Boiro.

No curso 2015-2016 comezou a funcionar unha escola infantil da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no lugar do Saltiño, no concello de Boiro.

Dende a súa posta en funcionamento o centro de ensino infantil presenta problemas de climatización. Debido, con moita probabilidade, á existencia de grandes cristaleiras, a temperatura elévase no interior do centro ata niveis inaceptables, sobre todo en días de sol, non sendo posible mitigar o impacto do sol cos estores existentes.

En días do mes de xuño de 2017, no que se acadaron temperaturas moi elevadas en toda Galicia, chegaronse a rexistrar 30º C no interior das aulas, o que provoca que as crianzas estean moi incómodas e que pode orixinar problemas de saúde nestas. Tampouco é unha temperatura adecuada para a realización de traballos sedentarios en espazos pechados.

As crianzas de menos de 3 anos son un colectivo especialmente vulnerable ás altas temperaturas, polas súas características físicas (falta de maduración no sistema de suoración, falta de regulación da sede, etc).



O Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo establece que a temperatura dos locais onde se realicen traballos sedentarios, como é o caso das escolas, estará comprendida entre 17º C e 27º C, valores que se superaron na escola infantil de Boiro no mes de xuño de 2017.

Tanto persoas usuarias como o persoal do centro teñen reclamado a adopción de medidas por parte da Xunta de Galicia para que se adopte unha solución ante as elevadas temperaturas acadadas na escola, non estando resolto o problema na data de hoxe.

Para o curso 2017/2018 a Escola Infantil “A Galiña Azul” do lugar do Saltiño en Boiro ten 37 prazas cubertas de crianzas entre 0 e 3 anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a solucionar os problemas de climatización da Escola Infantil “A Galiña Azul” do lugar do Saltiño, en Boiro, de xeito que no curso 2017/2018 as instalacións contén cunha temperatura adecuada para as crianzas de 0 a 3 anos e para o traballo do persoal da escola.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/06/2017 17:06:07

Luis Villares Naveira na data 27/06/2017 17:06:16

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A promulgación da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) ano ano 1990 e a súa implantación ao longo da década dos anos noventa do século pasado, trouxo consigo, entre outras cousas, a necesidade de reorganizar a rede de centros da nosa Comunidade Autónoma.

Se partía dunha estrutura de ensinanzas derivada da Lei xeral de educación do ano 1970 con ensinanzas de Educación Xeral Básica (EXB) e as etapas posteriores, o bacharelato unificado polivalente (BUP) e a Formación Profesional de 1º grao (FP 1) que foi necesario acomodar á Educación Primaria e á Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Tamén se partía dunha rede de centros que impartían as ensinanzas existentes e que debeu adecuarse ás novas etapas, o que supuxo o traslado dos alumnos dos cursos 7º e 8º de EXB á centros de ensinanza secundaria para cursar os equivalentes de 1º e 2º da ESO, que xunto con 3º e 4º desta mesma etapa pasaron a ser obrigatorios.

Na nosa Comunidade Autónoma creouse un novo tipo de centros, os centros públicos integrados (CPI) que, na súa concepción inicial, tiñan como obxectivo evitar longos traslados do alumnado de zona rurais, de modo que as ensinanzas obrigatorias se cursasen por completo no que antes eran centros de EXB.

O Goberno da Comunidade Autónoma tomou naquel momento a decisión de elaborar un extenso e detallado documento de planificación coñecido como a Rede de Centros, na que se establecían os centros existentes e os de nova creación, así como a adscrición entre eles, xunto co número de unidades necesarias para a efectiva escolarización do alumnado.

Grupo Parlamentario

Ademais, reguláronse, coa necesaria negociación cos representantes do profesorado, os postos de traballo para os distintos corpos docentes o que deu lugar aos correspondentes procesos de adscrición.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todos os procesos que, moi basicamente se acaban de describir, tiveron un elemento fundamental que os caracterizou: o diálogo.

Dende entón téñense producido moitos cambios, tanto demográficos como lexislativos, sobre todo no que á oferta de titulacións de formación profesional se refire.

A grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo no feito de que no ano 1998 había en Galicia 28.589 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2016 esa cifra descendeu ata os 22.058.

A perda de alumnado e a conseguinte redución de unidades nos centros, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1º) A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

2º) A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e por tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior ten suposto a extinción de ensinanzas por falta de alumnado interesado en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.

Por último, nas últimas datas téñense producido anuncios por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que supoñen, unha vez máis, unha modificación de feito da rede de centros sen a máis mínima participación da comunidade educativa.

Esa realidade, que non é exclusiva deste curso se non que é unha constante na traxectoria da Consellería, non foi acompañada das explicacións necesarias nin ten, polo tanto, garantía de que se teña actuado con criterios obxectivos, uniformes e coherentes, que deberían ser piares básicos en actuacións tan sensíbles para o futuro.

Este grupo parlamentario entende que ten chegado o momento de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade o sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do Goberno.

Polos motivos expostos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer, de xeito inmediato, en funcionamento os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa Comunidade Autónoma, incluíndo nela todos os criterios e extremos necesarios para acadar a dita igualdade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/06/2017 18:22:01

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2017 18:22:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 18:22:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11125
Data envío: 28/06/2017 10:37:13.113

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás necesidades de mellora do servizo de pediatría en Oleiros.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Oleiros.

O Centro de Saúde da Covada é o de máis recente apertura co que conta o Concello de Oleiros. Malia ter espazos físicos dispoñíbeis non ofrece o servizo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11125
Data envío: 28/06/2017 10:37:13.113

de pediatria. Iso a pesar de que a parroquia de Oleiros experimentou nos últimos anos un importante crecemento urbanístico e o perfil máis habitual dos novos residentes é, precisamente, o de familias con crianzas.

Agora mesmo as familias que teñen asignado o Centro da Covada teñen o pediatra ou en Perillo ou en Santa Cruz: en Perillo hai 3 facultativos desta especialidade; en Santa Cruz hai 2. O servizo de Santa Cruz está totalmente colapsado: cunha poboación infantil semellante á de Perillo hai un pediatra menos e, por riba, unha das dúas pediatras de Santa Cruz ten que facer media xornada no consultorio da Casa do Mar de Mera; a outra pediatra está cunha redución de xornada, que non motivou que o SERGAS reforzase o servizo. A día de hoxe as citas telefónicas estanse dando para dentro dunha semana, o que obriga as familias a ter que colapsar o servizo de urxencias e mesmo a que mire as nenas e nenos un médico de medicina xeral.

Cubrir o servizo de pediatria no Centro de Saúde de Oleiros e, ao mesmo tempo, reforzar o servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz ,estabilizando a praza do Consultorio de Mera, axudaría a acabar con esta precariedade de medios.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11125
Data envío: 28/06/2017 10:37:13.113

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dotar o Centro de Saúde da Cavada en Oleiros co servizo de pediatría, e reforzar este servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 10:32:16

Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2017 10:32:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 10:37
Nº Rexistro: 11125
Data envío: 28/06/2017 10:37:13.113

Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2017 10:32:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2017 10:32:30

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2017 10:32:34

Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 10:32:38



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:35
Nº Rexistro: 11135
Data envío: 28/06/2017 13:35:33.704

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás accións a realizar diante da non renovación das autorizacións das traídas de augas.

A auga é un ben das persoas e máis da natureza, non é un negocio de grandes especuladores. É un ben fundamental para a vida polo que ten que ser considerado o seu aspecto social.

Malia que as Nacións Unidas proclamou que o acceso aos servizos básicos de auga potábel e saneamento son un Dereito Humano, o goberno actual está transformando os novos servizos públicos/veciñais en negocios privados. Na actualidade estamos a ver como se promoven políticas de austeridade que o que pretenden é desmontar a autonomía veciñal para privatizar os seus servizos.

O noso País ten cultura de auga e foi e segue sendo quen de administrala, conserva e xestionala desde antigo a través das traídas de augas veciñais, que, ademais encárganse de manter o bo estado das masas de auga para preservar a vida na natureza e o benestar na nosa sociedade, mostra disto son as miles de traídas que existen en Galiza

As traídas de augas ou comunidades de usuari@s son, nin máis nin menos que o resultado da unión de veciñ@s dun lugar, rueiro, parroquia... para dar respostas á necesidade de subministro de auga potábel. Son froito e exemplo do compromiso



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:35
Nº Rexistro: 11135
Data envío: 28/06/2017 13:35:33.704

veciñal, so seu traballo e esforzo e achega económica. Un esforzo comunitario para ter un servizo que a administración non facilitaba.

Desde hai uns meses varias comunidades de Augas de Consumo Humano en Galiza (traídas de augas veciñais), atópanse que ao proceder á renovación das concesións, por parte dos organismos da conca hidrográfica, neste caso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, estalles a por múltiples atrancos e está denegando as autorizacións.

Estas son traídas que están legalizadas, que cumpren con todos os requisitos legais, análises, rede, tubaxes, cloración correctos, e que regularmente reciben subvencións públicas para levar a cabo o cometido de subministrar auga @s veciñ@s.

A non renovación das autorizacións está a crear malestar e preocupación entre @s veciñ@s, porque se lles quere ilegalizar un servizo, que aínda que non ten a consideración de público, si é comunal e comunitario.

Diante desta situación faise precisa unha actuación rápida e decidida por parte da Xunta de Galiza en defensa do ben comunitario que son as traídas de augas, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Dirixirse á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en demanda de que proceda á renovación das concesións de aproveitamento de augas que están a solicitar as Comunidades de Augas de Consumo Humano.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:35
Nº Rexistro: 11135
Data envío: 28/06/2017 13:35:33.704

-Dirixirse ao Goberno español demandando que realice todas as actuacións precisas para que se realicen as modificacións lexislativas que permitan a continuidade das Comunidades de Augas de Consumo Humano (traídas de auga), en particular a modificación do artigo 124 no apartado 2, do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 13:20:41

Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2017 13:20:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2017 13:35
Nº Rexistro: 11135

Data envío: 28/06/2017 13:35:33.704

Olalla Rodil Fernández na data 28/06/2017 13:20:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/06/2017 13:20:56

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2017 13:20:58

Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 13:21:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A etapa democrática foi a máis frutífera da nosa historia, xa que permitiu recuperar boa parte do terreo perdido en materia social. Sen embargo, o esforzo realizado polos diferentes gobernos de España durante este período, foi claramente desigual: durante os gobernos socialistas houbo especial empeño en achegarnos á política social dos países europeos máis avanzados, non sendo así nos anos de goberno do Partido Popular, que durante a fase alcista do ciclo económico non incrementou os gastos sociais, e cando volveron ocupar as responsabilidades de goberno utilizaron a crise económica como coartada para a demolición ordenada de todos os acenos de identidade do noso Estado do benestar. Reduciuse así a fenda social que nos separaba dos países europeos máis desenvolvidos durante o período 1982-1996, que volveu abrirse entre 1996 e 2004, para volver diminuír nos anos seguintes.

Sirva como exemplo do compromiso dos socialistas en materia de política social a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, actualmente en vigor, que naceu co compromiso firme e duradeiro de todos os axentes políticos e sociais de velar para que os dereitos de protección social non se viran reducidos por decisións a curto prazo e se situaran no ámbito do diálogo permanente e do maior consenso posible, no marco do Pacto de Toledo, fundamentado na mutua colaboración dos partidos políticos para asegurar os dereitos que dimanan da formulación social do Estado.

Fronte as actuacións seguidas durante os períodos gobernados polos socialistas, as políticas do Partido Popular na pasada lexislatura implicaron unha grave ruptura dos consensos políticos e sociais anteriores, mediante a

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

adopción de medidas de xeito unilateral, que supuxeron, ademais dun forte deterioro da viabilidade do sistema de pensións, mediante a merma intencionada dos seus ingresos, un empobrecemento real da contía das pensións, con maior incidencia nas pensións de importes máis reducidos.

As causas da situación na que se atopa o sistema de Seguridade Social e do empeoramento das condicións de vida, teñen como orixe as políticas do PP: introdución do copago sanitario, non respectar o mantemento do poder adquisitivo das pensións; o establecemento do factor de estabilidade (aos futuros pensionistas os retallos se estenderán a súa pensión inicial, e serán para a toda a vida do pensionista sen que poda facer nada para cambiar esta situación); empeoramento das expectativas do dereito a pensión das persoas traballadoras de máis idade, aos que se arroxa do mercado de traballo a partires dos 50 anos, xa que o PP suprimiu o subsidio para maiores de 52 anos, dificultando o aceso a este subsidio aos maiores de 55 anos aos que se lles imputan as rendas familiares; endurecemento das condicións da xubilación anticipada aos 61 ou aos 63 anos; incrementos das pensións que supoñen practicamente unha conxelación constante das mesmas...

Pero, ademais, toda esta política de retallos veu acompañada dunha decidida actuación de deprimir os ingresos da Seguridade Social, mediante a redución do salario mínimo, o que tivo a súa translación ás bases mínimas de cotización, a redución dos salarios (coa súa directa translación ás bases de cotización dos traballadores e traballadoras), o establecemento de “tarifas planas” ou outras medias de minoración das cotizacións sociais, que son asumidas exclusivamente pola Seguridade Social, pois esa minoración non é compensada dende os orzamentos do Estado. De aí que fronte as proclamas do Goberno sobre o crecemento de afiliados/as á Seguridade Social na lexislatura, o volume de cotización sociais practicamente se conxelou na lexislatura, fronte ao crecemento dos gastos.

Esta situación provocou que, por primeira vez na época democrática, o noso sistema de pensións presentara déficit durante os catro anos da lexislatura, máis de 17.000 millóns de euros ao peche de 2015. Déficit que provocou que o Goberno do PP fixera uso de maneira masiva dos recursos do Fondo de Reserva da Seguridade Social. Dende o ano 2012 a xuño de 2016, o Goberno dispuxo de 55.901 millóns de euros do Fondo de Reserva, que durante os gobernos socialistas alcanzara a cifra de 66.815 millóns de euros.

A situación é moito máis complexa en Galicia, asolagada por unha gravísima crise demográfica, onde a taxa de natalidade está por baixo da taxa de mortalidade; e se temos en conta a explosión demográfica dos anos 70, imos atopar no prazo de 15 anos cunha poboación moi envellecida de beneficiarios/as de prestacións sociais, e no lado oposto, con moi poucos/as cotizantes, como consecuencia das taxas de natalidade dos últimos anos. Ademais na nosa comunidade, hai un 61 % das prestacións por baixo do salario mínimo, unha situación peor que no resto de España onde as nóminas por baixo dos 655 euros non chegan ao 40 %.

As cifras son alarmantes, só un de cada catro pensionistas galegos e galegas, supera a barreira do mileurismo. Existe ademais unha brecha de xénero onde as mulleres saen claramente prexudicadas, de cada tres pensións que non chegan ao SMI, dúas cóbran as elas.

No outro fiel da balanza, o que integran os perceptores da paga máxima (2.567,28 euros ao mes este ano), só hai en Galicia apenas un 1,8 % do total de pensionistas. No conxunto de España a proporción é un punto superior á de Galicia.

Neste escenario non debe estrañar que exista alarma social sobre a “próxima quebra” do sistema de pensións da Seguridade Social, e a necesidade de complementar as mesmas con outros sistemas, os cales dificilmente poden ser subscritos pola maioría da poboación traballadora, dada a forte depreciación salarial e o incremento da contratación temporal. Todo o cal podería ser un “calvo de cultivo” propicio para nun futuro ir situando o sistema obrigatorio de pensións na xestión privada.

Os socialistas consideramos irrenunciable manter a fortaleza do sistema público de pensións, que xogou e xoga un papel fundamental na cohesión social e territorial do país, así como manter o consenso sostido desde fai case vinte anos ao redor do Pacto de Toledo. Trátase de volver a situar o sistema da Seguridade Social como unha das señas básicas de identidade do noso país, e como un baluarte na protección social colectiva.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Derrogar a regulación da xubilación anticipada do *Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo*, e de forma íntegra, a Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revaloración do Sistema de Pensións da Seguridade Social, así como a Lei 35/2014 de Xeral da Seguridade Social en relación co réxime xurídico das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.
2. Recuperar a centralidade do Pacto de Toledo e do diálogo cos interlocutores sociais.
3. Mellorar os ingresos provenientes de cotizacións sociais a través da elevación gradual da base máxima de cotización e da mellora progresiva das bases mínimas (vinculada ao incremento do SMI).
4. Establecer a cotización dos traballadores e traballadoras autónomas en función das súas rendas ou ingresos.
5. Atribuír á Administración Xeral do Estado o custo das medidas de fomento do emprego, con incidencia nos ingresos da Seguridade Social, así como o financiamento dos gastos que escapen da lóxica contributiva. De igual modo, incrementar progresivamente o financiamento da Administración Xeral do Estado a través da creación dunha nova figura impositiva vinculada ao financiamento das pensións.
6. Reforzar o Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación.
7. Incrementar as pensións mínimas para garantir os parámetros fixados polo Convenio 102 da OIT.
8. Recuperar a medida incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60 %, que foi suspendida reiteradamente polo Goberno do PP durante todo o seu período de Goberno.

Grupo Parlamentario

9. Elevar ata o IPREM anual o limiar de rendas establecido para o acceso ás prestacións non contributivas e, en consecuencia, a súa contía.
10. Recuperar a cotización por xubilación nos supostos de percepción do subsidio asistencial por desemprego ata o 125 % do salario mínimo.
11. Mellorar a cotización das persoas traballadoras máis novas a través da posibilidade de adquirir períodos de cotización mediante a subscripción dun Convenio Especial, e incrementar as bases mensuais de cotización dos contratos de aprendizaxe e de formación.
12. Recoñecer a todas as mulleres un “bonus” de dous anos de cotización por cada fillo/filla (nado ou adoptado) a efectos do cálculo das pensións.
13. Incrementar substancialmente a pensión de orfandade a través dunha mellora das prestacións familiares, en especial en casos de familias con menores rendas.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 13:32:50

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 13:32:56



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 13:33:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Ministerio do Interior, dirixido nese momento por Jorge Fernández Díaz, decidiu en maio de 2013 conceder a declaración de utilidade pública á asociación Hazte Oír. Como é sabido, esta asociación veu impulsando ao longo da súa traxectoria iniciativas destinadas a patoloxizar, estigmatizar e, á fin e ao cabo, oprimir aos colectivos LGTBI+ (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, intersexuais). Así, ademais do tristemente soado “autobús do odio”, a través do cal pretende ofender e estigmatizar aínda máis ás persoas transexuais, Hazte Oír impulsou campañas en contra do dereito ao aborto, do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, da investigación con células embrionarias (mesmo cando vai destinada a fins terapéuticos), entre outras iniciativas destinadas a prohibir todo o que escape á súa ríxida ética ultraconservadora.

A declaración de utilidade pública, ademais dun recoñecemento moral e simbólico que na nosa opinión dita asociación está moi lonxe de merecer, supón que os doantes da organización poidan desgravarse na declaración da renda o 75% dos 150 primeiros euros achegados, así como entre o 30 e o 35% das cantidades doadas a partir desa cifra. Dita cualificación supuxo, na práctica, un importante impulso para Hazte Oír, que pasou de recibir uns ingresos próximos aos 1,5 millóns de euros en 2012 aos 2,6 millóns en 2015.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- 1.O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar todos os pasos necesarios para o recoñecemento pleno de dereitos das persoas

 Grupo Parlamentario

LGTBI+, con especial atención ao dereito á non discriminación e á normalización e comprensión da súa realidade dos e as menores transexuais.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a retirar á organización Hazte Oír a declaración de utilidade pública.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 16:35:35

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:35:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 16:35:45

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O sector da Economía Social caracterízase por promover proxectos de desenvolvemento empresarial vinculados ao territorio e dirixidos a cubrir as necesidades sociais e a mellorar a calidade de vida das persoas. Os efectos socioeconómicos vinculados ás empresas da economía social son:

- Sobre a cohesión social: relacionados coa ocupación de colectivos con dificultades de acceso ao emprego; coa calidade do emprego, coa mellora de igualdade de oportunidades e coa oferta de servizos sociais.
- Sobre a cohesión territorial: relacionados coa creación de actividade económica e emprego no ámbito rural, coa competitividade da economía rural e asociados ao mantemento da poboación rural.

As empresas da Economía Social situáronse sempre á vangarda á hora de afrontar retos sociais, e iso por varias razóns. O feito de que as persoas estiveron, están e estarán no epicentro da súa actividade é, sen dúbida, a primeira e máis importante. Tamén é relevante que traballan desde un modelo empresarial cuxos valores principais son a democracia, a proximidade ao cliente e á persoa usuaria, a innovación, a xestión responsable, a sustentabilidade, o respecto polo medio ambiente e a calidade no emprego (con énfase en aspectos como a estabilidade, a baixa rotación, a formación continuada e a conciliación familiar). Outra razón de peso é o seu arraigamento no territorio, que combina coñecemento, proximidade e profesionalidade cun modelo de xestión ao servizo da cidadanía e a conciencia de que hai que garantir calidade e eficacia nos servizos públicos. Demostraron tamén durante este tempo unha notable

capacidade para impulsar e soste actividades económicas xeradoras de emprego estable e de calidade, contribuíndo a unha distribución máis igualitaria da renda e a riqueza, a amortecer os desequilibrios do mercado laboral, tanto en etapas expansivas como de crise, favorecer un desenvolvemento equilibrado e sustentable da economía e contribuír á autonomía territorial e ao desenvolvemento local. E fixérono tanto a través das súas principais formas empresariais (cooperativas e sociedades laborais) como mediante outras fórmulas, enmarcadas tamén no ámbito da Economía Social, que foron xurdindo para dar resposta a problemas máis específicos, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción.

Nestes momentos, a economía social constitúe un elemento imprescindible para renovar o tecido empresarial galego pois a súa actividade contribúe a un crecemento con maior cohesión social e máis calidade de vida para a sociedade.

É, polo tanto necesario en opinión do Grupo Socialista, dar un maior impulso e apoio ao sector da economía social en Galicia e establecer un marco de recoñecemento e estabilidade ás actividades destas empresas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aumentar a visibilidade dos modelos empresariais da economía social e mellorar o seu aceso ao financiamento.
2. Aprobar durante o ano 2017 unha Lei do terceiro sector social de Galicia que teña como obxectivos:
 - a. A promoción de medidas de fortalecemento de organizacións e redes.
 - b. Impulsar a súa cooperación, entre se e co sector público e as empresas.
 - c. Promover a súa participación e contribución no ámbito da intervención social en xeral e en particular nas políticas e sistemas de responsabilidade pública relacionados con dito ámbito.

3. Tomar medidas para fomentar o Terceiro Sector galego mediante:

- a. A adopción dos mecanismos necesarios para aumentar a axilidade na posta en marcha dos proxectos relacionados coa economía social, así como priorizar o seu desenvolvemento favorecendo a eliminación de trabas burocráticas, e adoptando medidas para o fomento do emprendemento colectivo.
- b. A adecuación dos sistemas de financiamento público, fomentando a diversificación das súas fontes de financiamento, especialmente impulsando a innovación social e a responsabilidade social empresarial.
- c. Implementar, en cooperación coas corporacións locais nos casos nos que fose necesario, programas piloto de cesión de chan público, desenvolvemento de incubadoras e cesión de locais a entidades da economía social, que aposten pola diversidade de entidades, fomentando a inclusión de empresas do sector industrial.
- d. Fortalecer e promover prácticas e criterios de bo goberno e de transparencia nestas organizacións.
- e. Potenciar a formación dos profesionais do Terceiro Sector de Acción Social e a actualización das entidades, e estimular a orientación cara á innovación, tanto nos procedementos de abordaxe dos problemas e a proposta de solucións, como nos procedementos de traballo e xestión.
- f. Potenciar os mecanismos de colaboración coas entidades do Terceiro Sector, para o desenvolvemento de programas de inclusión social de persoas en risco de exclusión e de atención ás persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.
- g. Facilitar que o sector da economía social participe na prestación dos servizos públicos.
- h. Asesorar e difundir entre as organizacións representativas da economía social das actuacións recollidas dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social, cofinanciado polo FSE no período de programación 2014-2020.
- i. Fomentar a creación e consolidación de empresas de economía social ligadas a sectores emerxentes e en especial nos novos xacementos de emprego, como son, entre outros, os de carácter cultural, enerxético, social, ambiental, turismo

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

sustentable, novas tecnoloxías, dependencia, servizo doméstico e educación.

- j. Establecer medidas de asesoramento e asistencia ás empresas de economía social nos cambios xeracionais da súa titularidade, así como poñer en marcha programas que faciliten a reconversión en empresas de economía social de empresas en crise.

4. Reforzar a formación do persoal dos Servizos Públicos de Emprego en materia de economía social para garantir que as persoas en desemprego poidan recibir orientación laboral neste ámbito.
5. Estimular a implantación de plans de formación, sensibilización e visibilización da economía social en institutos, nos centros de Formación Profesional e nas universidades públicas galegas.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Poñer en marcha incentivos fiscais ás empresas da economía social no ámbito das súas competencias, dada a natureza das mesmas e o seu compromiso coa creación de emprego e a inserción laboral dos colectivos máis desfavorecidos.
2. Regular a reserva de contratos públicos de determinados servizos para que se fagan polas cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais, de conformidade co establecido no artigo 77 da Directiva 2014/24/UE.
3. Desenvolver as accións necesarias para que as institucións europeas inicien de inmediato os traballos do Plan de Acción Europeo sobre Economía Social.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 16:38:12

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:38:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 16:38:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas. Oito anos despois, desgraciadamente, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Mais polo miúdo, en xuño de 2009, o entón conselleiro de Medio Ambiente do PP dicía: *“La contaminación de las rías está peor que hace cuatro años. Reorientaremos la política de saneamiento de las rías, tras el fracaso de gestión del bipartito, que dejó estos espacios peor que hace cuatro años”*. Mais en outubro de 2012, o PP volvía gañar as eleccións en Galicia e Poio, Sanxenxo e Ribeira aínda non tiñan depuradoras.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. E a finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciará a España (e a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. Non perdamos de vista que tamén temos un Plan hidrolóxico, que estará vixente ata 2027. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non

 Grupo Parlamentario

hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015, non existe balance coñecido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comunicar, nun prazo de 3 meses, o balance que fai o Goberno galego do Plan de saneamento 2000-2015.
2. Realizar as actuacións pertinentes para conseguir un saneamento e depuración integrais das rías galegas e cumprir a normativa vixente e o bo estado da calidade das augas antes de que remate a actual lexislatura.

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2017 17:29:08

Raúl Fernández Fernández na data 28/06/2017 17:29:13

María Luisa Pierres López na data 28/06/2017 17:29:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 17:29:32



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Manuel Lago Peñas e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á conexión ferroviaria do Porto Exterior da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-

1.-O BOE do 26 de xuño de 2017, publicou a Resolución de 13 de xuño pola que se aproba a Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de conexión ferroviaria ao Porto Exterior de Punta Langosteira.

A formulación da DIA posibilita, previos algúns axustes, trámites e informes sectoriais, a redacción e aprobación definitiva do proxecto construtivo e a execución das obras, de existir, que non é o caso, dotación orzamentaria.

En calquera caso, compre deixar constancia do notable retraso na aprobación dunha DIA cuxo trámite deu comezo, nada máis e nada menos que en marzo de 2012 (entrada do expediente no órgano ambiental) e permanecendo, no último trámite, algo máis dun ano na Dirección Xeral de Calidade Ambiental do Ministerio á espera dunha formulación dunha DIA para a cal tiña o prazo máximo legal de tres meses.

Algo máis de cinco anos de tramitación dunha DIA requisito previo para a urxente e imprescindible conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña.

E dicimos imprescindible tamén para a redacción definitiva do proxecto construtivo, e posterior tramitación e aprobación do mesmo. Un proxecto construtivo cuxa redacción foi adxudicada en xuño do 2016 pero que estaba



condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e Declaración de Impacto Ambiental.

A aprobación da DIA remove un dos requisitos para a execución das obras, pero non solventa o trascendente e decisivo, que non é outro que a dotación orzamentaria para a execución dunha infraestrutura fundamental para a viabilidade e plena operatividade do porto exterior e para o correlativo sostemento económico-financeiro da Autoridade Portuaria.

2.- Este Grupo de En Marea lembra que a Comisión 2.^a, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, en sesión celebrada o día 15 de marzo de 2017, e por unanimidade, prestou aprobación a unha proposición non de lei, presentada por este mesmo Grupo de En Marea, co seguinte contido resolutivo :

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Dirixirse ao Goberno español para exixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, declaración de impacto ambiental e proxecto construtivo da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.»

Tres meses despois de tal iniciativa a DIA está aprobada e publicada no BOE, dándose cumprimento ao apartado primeiro, pero a realidade é que o fundamental apartado segundo, relativo á dotación orzamentaria nos Orzamentos Xerais do Estado non tivo acollida nin polo Partido Popular, nin no proxecto de lei de Orzamentos nin tampouco no trámite de emendas, rexeitando as que a tal



efecto se formularon na súa tramitación nas Cortes (entre elas, as do Grupo confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea), consecuencia e resultado do cal é a inexistencia de dotación real para poder executar as obras, e sen previsión no horizonte temporal inmediato e coñecido.

Non hai dotación orzamentaria nos Orzamentos Xerais do Estado do 2017 para a execución material das obras, e tampouco a hai no Plan de Investimentos de Portos do Estado-Plan de accesibilidade portuaria 2017-2021, ao preverse unicamente 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa 2017 da Autoridade Portuaria, aprobado o 22/12/2016), pero que se corresponden co orzamento referido ás asistencias técnicas (redacción do proxecto construtivo).

3.- Recentemente o Tribunal de Cuentas sinalaba, no seu Informe de Fiscalización da execución pola APAC das obras do porto exterior (exercicios 212-2014) que “En una fase menos avanzada se encuentran los trabajos en materia ferroviaria. La UE exigió para conceder los FC tener contratada la obra del ferrocarril ya que para una adecuada explotación, resultaba prioritario el enlace del puerto exterior con el ferrocarril, por este motivo la APAC contrató en 2006 la realización de un estudio de viabilidad económica para analizar las diferentes alternativas en su financiación, pero PE ha estado reticente para acometer esta inversión....”.

Consideración que se traslada a unha das conclusións, a décimo oitava, do mencionado Informe do Tribunal de Cuentas : “En lo relativo a la intermodalidad y a las conexiones con la zona de Interior, se está construyendo una vía rápida que une el puerto con la red principal de autovías del Estado. Por el contrario, la conexión por ferrocarril, esencial para el futuro desarrollo del puerto exterior, no ha avanzado significativamente y sigue en fase preparatoria. En 2016 la APAC adjudicó el contrato para la redacción del proyecto constructivo del acceso



ferroviario por 1.614 miles. Por tanto, en el escenario más optimista, y teniendo en cuenta los tiempos necesarios para la ejecución del proyecto y la materialización de las obras, el puerto exterior de A Coruña no contará con acceso ferroviario hasta finales del año 2020 o principios del 2021, es decir, diez años después de la finalización del puerto exterior. La financiación para un presupuesto estimado de 132.000 miles de euros procederá de la APAC, dado que la solicitud de fondos europeos para este proyecto no fue seleccionada y tampoco fue incluida en las asignaciones iniciales del Fondo de Accesibilidad Portuario, lo que supone riesgos adicionales a la finalización a tiempo de la conexión ferroviaria y, por consiguiente, al crecimiento del puerto”.

Resulta evidente para o Tribunal de Cuentas, como así tamén consta en todos os informes de viabilidade do Porto Exterior (incluídos os propios da Unión Europea), que a conexión ferroviaria do Porto exterior é condición básica, urxente e fundamental para a viabilidade funcional, operativa e económica do porto exterior.

Un porto exterior sen conexión ferroviaria é unha eiva estrutural que tamén repercute na propia sostibilidade económico-financieira da APAC (autoridade portuaria da Coruña) e condición para poder reverter a situación actual, caracterizada pola insuficiencia de recursos ordinarios de explotación cos que facerlle fronte á elevada débeda a longo prazo (algo máis de 300 millóns de euros, xerada precisamente pola construción de dito porto exterior), parte da cal, por certo, aínda non se comezou a amortizar, o que empeora a perspectiva a curto e medio prazo.

Este Grupo insiste, mais unha vez, en que a mellora da situación patrimonial da APAC debe vir pola xeración de recursos pola súa actividade de negocio, basicamente a radicada no porto exterior, e non pola enaxenación de activos da fachada marítima da Coruña. E resulta esencialmente contraditorio pretender argumentar a necesidade de tal enaxenación nunha insuficiencia de recursos de



explotación cando os ingresos derivados de dita explotación están extraordinariamente limitados e sobredeterminados pola inexistente conexión ferroviaria dun porto exterior. Cuestión esta, a da situación económica da APAC e as súas eivas estruturais e de xestión, que, polo demais, xa foi posta de manifesto en anteriores iniciativas formuladas ante este Parlamento por este Grupo.

Unha conexión ferroviaria que, a maior abondamento, a propia Unión Europea tamén consideraba básica para a viabilidade do porto exterior, tanto cando outorgou os fondos de cohesión como no seu seguimento posterior.

4.- O novo marco europeo de réxime financeiro dos portos, así como o de axudas compatibles (entre elas as de accesibilidade ferroviaria), supoñen unhas novas posibilidades de financiamento para a APAC e para o acceso ferroviario ao porto exterior en particular.

O Regulamento UE 2017/352 do 15 de febreiro de 2017, xa aprobado e publicado (e en vigor, e aplicable a partir do 24/03/2019) polo que se crea un marco para a prestación de servizos portuarios e se adoptan normas comúns sobre a transparencia financeira dos portos, establece un novo réxime económico-financeiro (incluído tamén o relativo a taxas, incluída a de infraestrutura portuaria, e tarifas), así como a contabilización diferenciada e transparente das axudas públicas.

Por outra banda, e de maior transcendencia inmediata, o pasado 17 de maio a Comisión aprobou a modificación do Regulamento 651/2014, no relativo, entre outras, ás axudas en materia de infraestruturas portuarias. Polo que respecta aos portos, os Estados poderán efectuar investimentos públicos de ata 150 millóns de euros nos portos marítimos con plena seguridade xurídica e sen control previo por parte da Comisión, incluído os custos de dragado.



O investimento público (axudas) en accesos ferroviarios, ao ser considerados “infraestruturas de acceso”, son declaradas axudas compatibles e están exentas do trámite de notificación á Comisión, e dentro delas expresamente as de investimento na construción, substitución ou modernización da infraestrutura portuaria, así como as obras de acceso á mesma (por estrada ou ferroviaria), así como o dragado dos portos.

Dito novo réxime financeiro e de axudas aos Portos devén obrigada e urxente a modificación da normativa estatal portuaria, incluído especificamente o RD 707/2015, de 24 de xullo, do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre , e que posibilite o outorgamento de financiamento e axudas estatais directas á construción, substitución e modernización das infraestruturas portuarias, incluídas as de acceso.

Financiamento e axuda estatal á APAC que non so debe incluír o acceso ferroviario senón tamén incluír o propio financiamento da propia infraestrutura portuaria (Porto exterior) e a correlativa asunción polo Estado-Portos do Estado do principal da débeda que a APAC mantén con dito ente pola construción do porto exterior de Punta Langosteira.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Demandar do Goberno do Estado-Portos do Estado unha dotación orzamentaria no plan de investimentos para o ano 2017 e seguintes que garantan a execución inmediata das obras de conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.



2) Demandar do Goberno do Estado-Portos do Estado a asunción do principal da débeda que a Autoridade Portuaria da Coruña mantén con dito ente público derivada do préstamo de financiamento para a construción do porto exterior de Punta Langosteira.

3) Demandar do Goberno do Estado a modificación do RD 707/2015, de 24 de xullo, do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre, aos efectos de amparar a axuda e financiamento directo de Portos do Estado ás obras de accesibilidade terrestre aos portos.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luca Chao Pérez

Voceiro S. e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 28/06/2017 17:51:25

Luca Chao Pérez na data 28/06/2017 17:51:35

Marcos Cal Ogando na data 28/06/2017 17:51:45

José Manuel Lago Peñas na data 28/06/2017 17:51:56

Francisco Casal Vidal na data 28/06/2017 17:52:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199
Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de avaliación dos plans de emprego xuvenil da Xunta de Galiza.

No pasado Consello de Goberno do 22 de xuño, a Xunta de Galiza anunciou un plan para impulsar o emprego xuvenil, investindo 9 millóns de euros en axudas para autónomos e a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos. Co programa estima beneficiar a 1.200 mozos, polo que supón un custe por beneficiario de 7.500 euros. A iniciativa forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, e este ano prevé beneficiar a un 20% máis que na edición anterior, a do 2016, cando segundo a Xunta de Galiza acadáronse os 1.000 participantes.

O programa de Garantía Xuvenil en Galicia enmárcase dentro da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven que, contempla actuacións que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade, facilitar a inserción no ámbito laboral, promover o emprendemento e mellorar a situación da mocidade dentro do mercado de traballo.

O programa inclúe tres liñas de actuacións. Unha liña destinada a apoiar o inicio de actividade do emprego autónomo, outra que ten como obxectivo fomentar nas empresas a contratación por conta allea, e por último unha liña destinada ás entidades sen ánimo de lucro, para incentivar a contratación dos mozos e mozas co obxectivo de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199
Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

“proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral”. Nesta liña a Xunta de Galiza sinala que “primarase este ano, como novidade, o criterio de estabilidade laboral”.

Con datos relativos ao primeiro trimestre do 2017 proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa , observamos como das 323.900 mozas e mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 118.900 (o 36,7%) están ocupados, 42.900 (o 13,2%) parados e os 162.200 (o 50,1%) restantes son inactivos.

A taxa de actividade entre a mocidade sitúase no 49,9%, e ademais, cunha evolución negativa durante o último ano, xa que caeu en 2 puntos. Mentres, a taxa de paro xuvenil deste colectivo é moito máis elevada que a do conxunto da economía galega, xa que se sitúa no 26,5%.

Son numerosos os plans impulsados pola Xunta de Galiza que, de xeito análogo a este, teñen enunciado nobres propósitos: a loita contra o desemprego entre a mocidade, a mellora da empregabilidade, o fomento da estabilidade... Porén, estes negativos datos a respecto do emprego xuvenil deberían levarnos a reflexionar sobre a utilidade e eficacia destes programas. É preciso realizar unha análise exhaustiva do cumprimento dos obxectivos enunciados para estes plans e verificar a situación laboral das persoas beneficiarias máis aló da duración da axuda, xa que as máis das veces supoñen unha transferencia directa de renda ás empresas contratantes sen contrapartidas nin garantías de permanencia ou estabilidade laboral unha vez rematada a axuda

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199
Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar un informe sobre os plans de emprego xuvenil levados a cabo pola Xunta de Galiza desde o ano 2009, onde conste o orzamento total destinado aos mesmos, número de persoas beneficiarias, nivel de mantemento das iniciativas emprendedoras, nivel de persoas con contratos indefinidos derivados das axudas á contratación por conta allea.”

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2017 13:07:22

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2017 13:07:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199

Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2017 13:07:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/06/2017 13:07:36

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2017 13:07:41

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2017 13:07:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**, relativa á elaboración dun plan específico de ensino para o rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aumento da interinidade, profesorado en prácticas, peche de unidades e escolas unitarias, fin da gratuidade nos comedores, recortes no transporte, redución de fondos e prazas docentes, supresión de especialidades... Son só algúns dos síntomas da asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural.

A asfixia da educación no medio rural insírese no mesmo proceso de desmantelamento que está a padecer o rural no seu conxunto. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contradínse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibrio territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica



imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economicista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

A escola rural é un símbolo da nosa identidade, da identidade de Galicia, da súa xente. A xente do rural contribuíu por séculos a que este país conte cunha identidade propia, pero tamén diversa e rica. Coidar o rural é, polo tanto, coidar a Galicia. Como di ese cantautor valenciano, quen perde as orixes, perde a identidade. E nós non queremos perder nin a nosa orixe, nin a nosa identidade.

E nesta misión de preservar a nosa identidade, respectando a diversidade e promovendo a riqueza do país, a escola rural galega ten un papel moi relevante. Está dirixida a previr e compensar as desigualdades de acceso, permanencia e promoción no sistema educativo das persoas e grupos do medio rural ao tempo que pon en valor as calidades propias e autóctonas de Galicia. Sabendo isto e coñecendo o rol que xogan este tipo de sistemas educativos, non debera haber ningún reparo en defendelo e promocionalo. Máis ben, todo o contrario, debera ser un orgullo facelo.

E ademais é un orgullo facelo porque as escolas rurais, están cargadas de beneficios.

E cando gozan do respecto e compromiso por parte das administracións é un modelo que funciona moi ben. Podemos pensar, por exemplo, en Castela León. Resulta que en Castela e León, a escola rural é unha aposta e unha peza fundamental no éxito do sistema, que situou á comunidade -a máis extensa e con maior dispersión xeográfica de España-, como a primeira en ciencias e en comprensión lectora e a segunda en matemáticas no informe PISA. A rexión leva xa dende 2003 por riba dos resultados da OCDE, pero na última avaliación mellorou 23 puntos en comprensión lectora e 17 en ciencias.

Por outra banda, sabemos que a influencia que a familia ten sobre un neno ou



unha nena, e sobre todo a idades temperás, teñen moita influencia na adquisición de competencias e no seu desenvolvemento persoal e académico. É por iso que as familias, como parte da comunidade educativa, son importantes e pezas tamén e ter en conta. A relación coas familias nas escolas rurais é próxima e fluída. O colexio é unha institución fundamental para o desenvolvemento e crecemento do pobo, e a maioría da súa xente quere colaborar para que isto ocorra con éxito.

Así, mentres este goberno se empeña en concentrar a cada vez máis alumnado por aula, desbotando medidas como por exemplo as que no seu tempo eran os desdobres nas aulas, vemos como noutras zonas, obtéñense mellores resultados no informe PISA, coa metade do alumnado de infantil e primaria en colexios rurais. A fórmula polo tanto, está clara: poucas crianzas, idades mesturadas e profesorado e familia unidos e conscientes de que a educación, é sinónimo de futuro.

No ano 2013 a Consellería de educación anunciaba, sen reparo ningún, o peche de máis de 20 escolas unitarias das 4 provincias galegas. Dende aquel momento, as aulas seguíronse pechando e nada fai pensar que vaia haber ningún cambio.

Por aquel entón, no ano 2013, as súas escusas recaían na baixa taxa de matriculación, e apoiábanse nunha taxa de natalidade en constante descenso. Dende entón fixaron unha ratio de 6 alumnos e alumnas por aula para garantir os servizos. Hoxe, a taxa de natalidade segue baixando, pero isto non debe ser unha excusa para non apoiar a quen o precisa, senón todo o contrario, débéranse promocionar máis as bondades do rural e non o seu desmantelamento. Debérase dotar de todos os recursos que precisen, e quizais así, abrindo escolas e non pechándoas, respectando as diversidades que se integran no noso país, poñendo en valor a nosa cultura e a nosa identidade, quizais así, logremos non só unha taxa de natalidade maior, senón un país rico e diverso.

Hai apenas unhas horas que coñecemos o peche de dúas escolas novas así como dúas liñas da ESO noutros dous centros. Anuncio vía chamada telefónica e que afecta a centros con setenta alumnos e alumnas.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a desenvolver un plan específico de ensino rural que, cando menos, considere:

- a. A importancia dos centros educativos do rural e da montaña como servizos básicos necesarios para a fixación de poboación.
- b. As previsións sociodemográficas a medio prazo antes de realizar o peche dun centro.
- c. Diminución da ratio mínima nos centros do rural ata os 3 alumnos e alumnas.
- d. Cobertura de postos de especialistas nos centros do rural para evitar o menoscabo na calidade educativa.
- e. Un programa de estabilización do profesorado no rural mediante incentivos.
- f. Un plan de formación específica para o profesorado no rural de xeito que se aproveiten as potencialidades deste modelo educativo.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 29/06/2017 13:31:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/06/2017 13:32:06

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 13:32:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

A finais de maio deste ano, traballadoras e traballadores do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos dirixiron un escrito á dirección do hospital, onde solicitaban un aumento de persoal, principalmente de enfermería, auxiliar e celador/a.

As traballadoras e traballadores denuncia que ante os recortes de persoal, a carga de traballo que asimilan está a producir sobre esforzos coas consecuencias de lesións, motivado principalmente polo envellecemento da poboación e pola creación de centros de persoas dependentes na área sanitaria á que presta Servizo o Hospital de Monforte.

Ademais, a falta de persoal provoca unha saturación de traballo que obriga ás e os profesionais a priorizar tarefas pola imposibilidade de atender a todas. Sinalan por exemplo, que non poden poden levantar pola mañá, a pacientes encamados, coa consecuencia de aparición de úlceras por presión.

Neste sentido, lembran que o envellecemento da poboación, provoca que moitas das persoas que atenden, sexan dependentes en canto a mobilidade e realización de actividades vitais, ao que tampouco axuda a falta de renovación da totalidade do mobiliario do hospital como poden ser os baños do mesmo.

Esta situación, que si ben é certo que se atopa agravada polo envellecemento da poboación da zona, responde a unha política de recortes dirixida polo goberno do Partido Popular e que repercute directamente na calidade e atención das persoas



doentes e como nos dereitos laborais do persoal sanitario, como ben denuncian as traballadoras e traballadores do Hospital de Monforte.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- **Solucionar de xeito urxente a demanda de persoal en relación aos postos de enfermería, auxiliar e celador/a.**
- **Levar a cabo as reformas necesarias para adaptar o mobiliario do hospital ás necesidades tanto do persoal como das usuarias e usuarios.**

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro do G.P. de En Marea.


Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/06/2017 17:52:19

Paula Vázquez Verao na data 29/06/2017 17:52:25

Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 17:52:35



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727